

2º EXERCICIO: PARTE ESPECIFICA

INSTRUCCIÓN:

1. - Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
 - 2.- Esta proba ten carácter eliminatorio. Este exercicio consta de dúas partes diferenciadas: un primeiro cuestionario con 50 preguntas teóricas tipo test con 5 de reserva (E51 á E55), que deberán ser contestadas a continuación do recadro “Específico Parte teórica” entre os números E1 e E55 e un segundo cuestionario de 50 supostos prácticos tipo test con 5 de reserva (E106 á E110), que deberán ser contestados a continuación do recadro “Específico Parte práctica” entre os números E56 e E110 da “FOLLA DE RESPOSTAS”.
 3. - O tempo total de realización do exercicio, é de **180 minutos**.
 - 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
 - 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na “FOLLA DE RESPOSTAS” é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
 - 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
 - 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.
- Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- En caso de erro tipográfico ou de transcripción entre o texto editado en galego e o editado en castelán, do cuestionario bilingüe, prevalece este último aos únicos efectos da súa comprensión lóxica, sen prexuízo das aclaracións vinculantes que de viva voz poida advertir o tribunal durante a realización desta proba. Así mesmo, algúns termos técnicos, neoloxismos ou outras expresións de difícil correspondencia na tradución, poderán expresarse de maneira unívoca.
 - 9.- Ao rematar o seu exercicio, no suposto de que non teña que realizar o exercicio de lingua galega, advírtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a “FOLLA DE RESPOSTAS”, no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame. Se ten que realizar o exercicio de lingua galega, permaneza no seu lugar. Ao finalizar o exercicio, garde este cuestionario no chan, baixo o seu asento e espere as indicacións para realizar a continuación o outro exame, en unidade de acto.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS QUE FIGURAN NO REVERSO
DA FOLLA DE RESPOSTAS PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

1. Actualmente o anticoagulante máis empregado nas bolsas de extracción de sangue e o seu posterior fraccionamento é:

- A) ACD
- B) Citrato trisódico
- C) Citrato monosódico
- D) CPD-SAG-Manitol

2. En cal destas categorías non se agrupan as lipoproteínas?

- A) Triglicéridos (TG)
- B) HDL
- C) IDL e LDL
- D) Quilomicróns e VLDL

3. Sobre o *Streptococcus pneumoniae*, que afirmación é correcta?

- A) A optoquina inhibe o seu crecemento.
- B) Son cocos gram positivos alongados ou en forma de "lanceta".
- C) Presentan na súa parede celular unha encima autolítica (amidasa).
- D) Todas son correctas.

4. A proba rápida para a mononucleose infecciosa detecta en sangue total un tipo de proteínas sanguíneas coñecidas como Anticorpos Heterófilos, producidos polo sistema inmune en resposta á infección por:

- A) Parvovirus B19.
- B) Virus de Epstein-Barr.
- C) Adenovirus.
- D) Parainfluenza virus.

5. Cal das seguintes non é unha alteración morfolóxica dos granulocitos?

- A) Corpos de Döhle.
- B) Anomalía de Pelger-Huet.
- C) Corpos de Howell-Holly.
- D) Granulación tóxica.

6. Cal destas enzimas é máis específica do fígado?

- A) Amilasa.
- B) Aspartatoaminotransferasa(GOT/ASAT).
- C) Alaninaminotransferasa(GPT/ALAT).
- D) Gammaglutamiltransferasa(GGT).

7. Segundo o seu xénero, en que grupo clasificarías o virus do Ébola?

- A) Pneumo-virus.
- B) Entero-virus.
- C) Filo-virus.
- D) Flavi-virus.

8. En que momento do desenvolvemento dos eritrocitos comeza a produción de hemoglobina?

- A) Proeritroblasto.
- B) Eritroblasto policromático.
- C) Reticulocito.
- D) Eritroblasto basófilo.

9. Das seguintes opcións, cal non corresponde a residuos sanitarios de Clase III?

- A) Residuos de citotóxicos e citostáticos, e todo material utilizado na súa preparación ou en contacto con eles.
- B) Residuos de cultivos ou reservas de axentes infecciosos e material de refugallo en contacto con eles, incluíndo os filtros de alta eficacia das campás de fluxo laminar.
- C) Residuos de vacinas con axentes vivos ou atenuados.
- D) Todos son residuos sanitarios de Clase III.

10. Cal dos seguintes marcadores son antígenos oncofetais?

- A) PAP y NSE
- B) PTH y ADH
- C) AFP y CEA
- D) PSA y CA 125

11. Cal das seguintes afirmacións acerca do poder de resolución dun microscopio óptico é certa:

- A) É o poder que ten unha lente para mostrar detalles.
- B) O poder de resolución dun microscopio óptico está determinado pola lonxitude de onda da luz.
- C) O poder de resolución dun microscopio óptico está determinado pola propiedade do obxectivo e da lente do condensador.
- D) Todas as afirmacións son correctas.

12. Cando falamos dun paciente con Hemofilia A. En que factor da coagulación prodúcese o déficit?

- A) Factor V.
- B) Factor VII.
- C) Factor VIII.
- D) Factor X.

13. Cal é a isoenzima da CPK (Creatinquinasa) máis específica para coñecer o dano cerebral?

- A) CK-MM.
- B) CK-MB.
- C) CK-BB.
- D) CK-SS.

14. Na determinación do grupo sanguíneoponse de manifesto a presenza de:

- A) Aglutinógenos en soro
- B) Aglutininas en soro
- C) Aglutinógenos na superficie do hematie
- D) As respostas b e c son correctas

15. Os dermatofitos máis frecuentes aillados no ser humano agrúpanse nos xéneros, sinalar o falso:

- A) Microsporum
- B) Candida
- C) Epidermophyton
- D) Trichophyton

16. Se queremos realizar a determinación de Ácido Vanilmandélico – Catecolaminas – Metanefrinas en oruíños de 24 horas, que debemos facer antes de comezar a recollida da mesma?

- A) Engadiranse 10 ml de ácido clorhídrico 6N ao recipiente.
- B) Engadiranse 10 ml de ácido glacial ao recipiente.
- C) Engadiranse 10 ml de ácido sulfúrico 6N ao recipiente.
- D) Non se engadirá nada ao recipiente.

17. Que glicoproteína presenta na súa cuberta o virus do Influenza (Gripe)?:

- A) Neuraminidasa.
- B) Polimerasa.
- C) Hemaglutinina.
- D) A) e C) son correctas.

18. A capacidade da hemoglobina para enlazar O₂ depende de:

- A) PCO₂ y pH.
- B) PO₂ y PCO₂.
- C) pH y PO₂.
- D) PO₂, PCO₂ y pH.

19. Como se chama o descenso severo dos granulocitos que se acompaña de anemia e trombopenia?

- A) Leucopenia.
- B) Granulocitopenia.
- C) Agranulocitose.
- D) Pancitopenia.

20. O método de Van de Kärmer sirve para determinar no estudio de feces:

- A) Sangue oculto.
- B) Creatorrea.
- C) Esteatorrea.
- D) Leucocitos.

21. En relación coa calibración de equipos, cal das seguintes afirmacións é correcta?

- A) Enténdese por calibración a comparación dun sistema de medición fronte a estándares coñecidos.
- B) Ten que haber un plan de calibración de equipos que defina a actividade para realizar e a súa periodicidade.
- C) Deberán calibrarse os equipos de medición e ensaio que o precisen antes da súa posta en servicio.
- D) Todas as respostas son correctas.

22. Cal destas fases é o primeiro paso do método científico?

- A) Fase conceptual.
- B) Fase empírica.
- C) Fase de resultados.
- D) Fase de conclusións.

23. A mobilidade das proteínas nunha electroforesis depende de:

- A) Do potencial eléctrico e da súa carga
- B) PH da solución
- C) Do tipo de soporte
- D) Todas son certas

24. Respecto das endosporas, é certo que é:

- A) Característica diferencial dos fungos
- B) Elemento de fixación utilizado polos virus
- C) Estratexia extrema de supervivencia de certas bacterias Gram positivas
- D) Acúmulos de materiais de reserva das células procariotas

25. Cal destas probas bioquímicas é máis indicadora da función hepática?

- A) Determinación da bilirrubina sérica.
- B) Cuantificación das globulinas séricas.
- C) Determinación do HBsAg (antíxeno de superficie da hepatite B).
- D) Determinación do colesterol.

26. Como se deben manipular ás mostras biolóxicas?

- A) Como material potencialmente infeccioso.
- B) Como material no infeccioso.
- C) Sen lubas.
- D) Ninguna das respostas anteriores é correcta.

27. De que hormona se intenta confirmar ou descartar que existe autonomía demostrando si sus concentraciones son suprimibles pola hiperglucemia derivada dunha sobrecarga oral de glucosa?

- A) Tiroxina
- B) Prolactina (PRL)
- C) Hormona do crecemento
- D) Hormona estimulante do tiroides (TSH)

28. Se se sospeita que o xerme illado é un Staphylococcus. Que proba realizaríase para diferenciar ao S. Aureus doutras especies?

- A) Proba da Catalasa.
- B) Proba da Oxidasa.
- C) Proba da Coagulasa.
- D) Proba da Urea.

29. Con qué número da escala de MacFarland debe corresponderse o inóculo que se utiliza para as probas de sensibilidade antimicrobiana?

- A) 50
- B) 5.0
- C) 0.5
- D) 0.05

30. O marcador considerado máis sensible para valorar o estado da función tiroidea é:

- A) Triyodotironina (T3).
- B) Hormona liberadora de tirotropina (TRH).
- C) Tiroxina libre (T4-L).
- D) Hormona tirotropa (TSH).

31. Nas probas antimicrobianas de difusión, o halo de inhibición:

- A) É directamente proporcional ao CMI
- B) Non se corresponde co CMI
- C) É inversamente proporcional ao CMI
- D) É inversamente proporcional ao CMB

32. Mediante a utilización de plaquetas marcadas con ^{51}Cr ó ^{111}In , podemos:

- A) Realizar un estudio da integridade vascular
- B) Establecer a vida media plaquetaria (V.N.: 8–10 días)
- C) Facer un seguimento do percorrido plaquetar
- D) Establecer a vida media plaquetaria, agás consumo por sangrado (V.N.: 10–15 días)

33. Dentro da documentación clínica que habitualmente manexa o técnico de laboratorio, podemos destacar:

- A) Informe de anestesia
- B) Follas de calibracións de equipos analíticos
- C) Protocolos de técnicas analíticas
- D) Volante de petición

34. Que norma internacional foi aprobada en xuño de 2005 cos requisitos para acreditar as competencias dos laboratorios de ensaio e calibración?

- A) UNE-EN ISO/IEC 17025.
- B) ISO/IES 17025.
- C) ISO/EN 17423.
- D) O sistema de calidade de ENAC.

35. Unha destas técnicas é falsa como exame en fresco en microbioloxía:

- A) Procedemento de gota colgante
- B) Preparación de tinta china
- C) Rodamina-auramina
- D) Reacción de Neufeld Quellung

36. Para qué sirven os marcadores tumorais?

- A) Para diagnosticar o máis cedo posible, a un paciente con cancro.
- B) Para facer un seguimento a pacientes con cancro, para saber si o tratamento é eficaz.
- C) Como screening en persoas de alto risco de padecer un determinado tipo de cancro.
- D) Todas as respostas anteriores son correctas.

37. Das seguintes bacterias, cal é gram positiva?

- A) Escherichia
- B) Proteus
- C) Pseudomonas
- D) Staphylococcus

38. Sinale das seguintes afirmacións cal non é correcta.

- A) Os antíxenos son elementos de alto peso molecular.
- B) Os antíxenos son elementos estraños ao organismo.
- C) Os antíxenos son elementos capaces de desencadear unha resposta específica.
- D) Os antíxenos son elementos de baixo peso molecular.

39. Dentro dos parásitos, un exemplo de protozoo e outro de metazoo son:

- A) Giardia lamblia e Enterobius vermicularis
- B) Trichomonas vaginalis e Cryptosporidium parvum
- C) Ascaris lumbricoides e Taenia saginata
- D) Pneumocystis carinii e Toxoplasma gondii

40. Que características xerais presenta o xénero Mycobacterium?

- A) Morfoloxía bacilar e ás veces coco-bacilar.
- B) Ácido-alcohol resistentes.
- C) Non esporulados, inmóbiles e non capsulados.
- D) Todas as respostas anteriores son correctas.

41. Unha vez obtidos os resultados do analizador, observamos que un dos parámetros, a pesar de ser diluído automaticamente polo analizador, segue estando fóra de rango, polo cal procedemos a realizar unha dilución manual da mostra ao 1/20 con soro fisiolóxico, cal das seguintes proporcións serían as correctas?

- A) 10 microL de mostra + 200 microL de soro fisiolóxico.
- B) 100 microL de mostra + 100 microL de soro fisiolóxico.
- C) 10 microL de mostra + 190 microL de soro fisiolóxico.
- D) 190 microL de mostra + 10 microL de soro fisiolóxico.

42. O pH dunha mostra vese afectado por:

- A) O tempo transcurrido ata que se realiza.
- B) O anticoagulante empregado.
- C) A maneira en que foi transportada a mostra.
- D) Todas as respostas anteriores son correctas.

43. Dentro da clasificación etiopatoxénica da hipercolesterolemia, recoñécense coma causas patolóxicas secundarias todas, agás:

- A) Hipotiroidismo.
- B) Diabetes mellitus.
- C) Disbetalipoproteinemia.
- D) Tratamento con ciclosporina.

44. Sinale o factor da coagulación común á vía intrínseca e á vía extrínseca:

- A) Factor XI.
- B) Factor VIII.
- C) Protrombina.
- D) Factor III.

45. Cal dos seguintes métodos non se emprega para a determinación de proteínas no LCR?

- A) Lowry.
- B) Precipitación con ácido sulfosalicílico + sulfato tricloroacético.
- C) Precipitación con tricloroacético.
- D) Fixación de colorantes.

46. Respecto á confidencialidade dos datos sanitarios. Cal das seguintes afirmacións é certa?

- A) A confidencialidade dos datos persoais de saúde, dos cidadáns, mantense despois da morte. Con excepcións que legalmente procedan.
- B) A confidencialidade dos datos persoais de saúde, dos cidadáns, mantense só ata a morte destes.
- C) Os cidadáns non teñen dereito á confidencialidade dos datos sanitarios.
- D) Soamente teñen dereito á confidencialidade dos datos sanitarios, os cidadáns maiores de idade.

47. O Síndrome de Bernard–Soulier podemos definilo como:

- A) Déficit do complexo GPIIb–IIIa da membrana plaquetaria, sen alteracións na morfoloxía plaquetar
- B) Trombopenia de orixe periférico
- C) Trombocitose sen alteracións funcionais das plaquetas
- D) Déficit do complexo GPIb–IX da membrana plaquetaria, con plaquetas xigantes, con frecuencia trombopénicas

48. Falamos de ... como a disciplina que ten coma obxectivo definir os determinantes xenéticos individuais que condicionan os efectos dos fármacos.

- A) Farmacoxenómica
- B) Farmacoloxía
- C) Proteómica
- D) Farmacoxenética

49. A anemia hemolítica é:

- A) Normocítica e normocrómica.
- B) Normocítica e hiperocrómica.
- C) Microcítica e hipocrómica.
- D) Macroscítica e normocrómica.

50. Que reaccións antíxeno-anticorpo utilízanse no laboratorio?

- A) Reaccións de precipitación.
- B) Reaccións de aglutinación.
- C) Reaccións de fixación do complemento.
- D) Todas as respostas anteriores son correctas.

Preguntas de reserva

51. En relación o antíxeno CA 19.9. Sinale a afirmación incorrecta:

- A) Atópase presente en varios texidos fetais.
- B) Estará diminuída en hepatopatías.
- C) Aumenta en pancreatitis.
- D) Os seus niveis están relacionados coa presenza de ictericia obstrutiva.

52. O método de Friedewald para a cuantificación de LDL-Colesterol:

- A) É un método directo.
- B) Non se pode aplicar para concentracións de Triglicéridos superiores a 400 mg/dl.
- C) Calcula a concentración por diferenza entre o Colesterol total e o HDL-Colesterol.
- D) Usa como precipitante o Fosfotungstato de Magnesio.

53. A interpretación do grupo sanguíneo en porta é:

- A) Se aglutina o reactivo Anti-A e Anti-B: A negativo
- B) Se aglutina o reactivo Anti-B y Anti-D: B negativo
- C) Se soamente aglutina o reactivo D: O negativo
- D) Se aglutina os tres reactivos (Anti-A, Anti-B, Anti-D): AB positivo

54. Cal das seguintes respostas é correcta en relación ao Factor IX da coagulación:

- A) Tamén chamado Factor de Nadal.
- B) Actúa na Vía Extrínseca.
- C) É un cofactor protéico.
- D) Todas as anteriores.

55. O punto no cal as proteínas teñen unha carga neta de cero denomínase:

- A) Punto isobárico.
- B) Punto isotérmico.
- C) Punto isoeléctrico.
- D) Punto cero.

56. As principais enzimas para determinar lesión celular hepática son:

- A) Transaminasas.
- B) Fosfatasa alcalina.
- C) 5´-nucleotidasa.
- D) Todas as respostas anteriores son correctas.

57. Presentouse o técnico da casa comercial dos coagulómetros para realizar o mantemento programado. Unha vez que marchou:

- A) Continuamos co traballo diario para comprobar que funciona correctamente.
- B) Cambiamos todos os reactivos por se se contaminaron.
- C) Apagamos o equipo para deixalo descansar
- D) Comprobamos que realizou os controis de calidade.

58. Cal dos seguintes é un Bacilo gram positivo aerobio e posúe Ácidos Micólicos na súa parede celular?

- A) Staphylococcus.
- B) Klebsiella.
- C) Nocardia.
- D) Prevotella.

59. Para a recollida dun ouriño de 24 horas, informaremos ao paciente:

- A) Como ten que recoller a mostra.
- B) Onde ten que entregar a mostra.
- C) Non é a nosa función dar este tipo de información.
- D) As respostas a e b son correctas.

60. A vida media dunha plaqueta en circulación é:

- A) 1-2 días.
- B) 8-13 días.
- C) 15-18 días.
- D) 20-25 días.

61. Neonato A POS, con Coombs directo positivo en sangue de cordón. Nai O NEG. Que actuación procede?

- A) É preciso eluir e identificar estes anticorpos, unha das posibilidades é que o neonato recibise parte das inmunoglobulinas Anti-D postas á nai coa vacina.
- B) Identificaríamos as inmunoglobulinas monoespecíficas, xa que a única capaz de traspasar a placenta sería a IgG.
- C) Informaríamos directamente á pranta alertando de EHRN provocada por incompatibilidade ABO entre nai e fillo.
- D) Realizaremos un escrutinio de anticorpos irregulares co plasma da mostra para identificar o anticorpo presente.

62. Que probas seleccionamos para a monitoraxe dun paciente que recibe trombolíticos y está anticoagulado con heparina?

- A) TT (Tempo de trombina).
- B) Tempo de reptilase.
- C) TP (Tempo de protrombina).
- D) TT e Tempo de reptilase.

63. Para que realizarías un zimograma?

- A) Estudo de características morfolóxicas de crecemento dos fungos.
- B) Estudo da fermentación de azucres para identificación de fungos.
- C) Probas de sensibilidade dos fungos a antifúngicos.
- D) Estudo das formas de reprodución dos fungos.

64. Unha muller de mediana idade chega ao servizo de urxencias con debilidade muscular, perda de peso, tensión arterial baixa. Extráese analítica para ser procesada polo laboratorio. Os datos reflicten ACTH elevada, cortisol en plasma baixo, hiponatremia e hipopotasemia. De cal das seguintes enfermidades podería tratarse?

- A) Síndrome de Cushing.
- B) Síndrome nefrótico.
- C) Enfermidade de Addison.
- D) Enfermidade de Graves-Baseow.

65. Durante o 2009 estudamos a incidencia da gripe en 1.000 individuos maiores de 65 anos da nosa área sanitaria cunha poboación total de 20.000 habitantes. Durante este periodo diagnosticamos 7.000 casos en homes e 8.000 casos en mulleres, dos cales 650 casos formaban parte do noso grupo de estudo. Con estes datos, ¿cal sería a taxa de incidencia da gripe en 2009 na nosa área sanitaria?

- A) 0,65
- B) 0,03
- C) 0,4
- D) 0,75

66. Preséntasenos un paciente varón de 39 anos cos seguintes resultados: grupo hemático A, con discrepancia en grupo sérico presentando positividade nas células A₁, Rh positivo, Coombs indirecto negativo e probas cruzadas con concentrados hemáticos A POS positivas, ¿cal sería noso razonamento máis axeitado?

- A) A presenza dun anticorpo irregular, polo que deberíamos fenotipar ao paciente
- B) A presenza dun anticorpo de tipo frío, polo que deberíamos montar as probas a 37°C
- C) Deberíamos montar un panel con células tratadas con enzimas
- D) Sospeitaríamos da presenza dun Anti-A₁ que impide que crucen as bolsas

67. Nun estudo de cancro de mama. Que emplearíamos?

- A) CA 15.3
- B) Receptores de estróxenos e proxesterona
- C) CA 125
- D) As respostas a e b son correctas

68. Existen na actualidade múltiples técnicas rápidas que se utilizan en Microbioloxía para a detección de xermes de interese clínico, en ouriños (pneumococo, lexionela, etc), en sangue (plasmodium) ou en mostras respiratorias (VRS), como apoio ao diagnóstico, cal é o método utilizado principalmente nestas técnicas?

- A) Inmunofluorescencia.
- B) Inmunocromatografía.
- C) Inmunoensaio.
- D) Ningunha das anteriores.

69. Pola mañá envían o laboratorio unhas mostras de LCR e de ouriño para cultivo de bacterias. Ditas mostras foron recollidas e refrixeradas durante a noite. Que mostra rexeitaríamos por non ter sido gardada adecuadamente?

- A) A mostra de LCR.
- B) A mostra de ouriño.
- C) Rexeitaríamos as dúas mostras.
- D) Non rexeitaríamos ningunha das dúas mostras.

70. Que datos do laboratorio non se corresponden coa enfermidade de Von Willebrand?

- A) Tempo de sangría alongado.
- B) TTPA alongado.
- C) Contaxe de plaquetas aumentado.
- D) Niveis baixos de FVIII-C, FVIII-Ag y FVIII-vW.

71. Para o cultivo do Mycobacterium tuberculosis utilízase o medio:

- A) Agar Chocolate.
- B) Medio Chapman.
- C) Lowestein-Jensen.
- D) Thayer Martin.

72. Cal dos seguintes parámetros elixirías para diferenciar unha anemia ferropénica dunha beta-talasemia heterocigota?

- A) CHCM.
- B) O hematocrito.
- C) A hemoglonia A₂.
- D) HCM.

73. A acidose respiratoria nun paciente de 80 anos con bronconeumonía reflexa:

- A) Un pH elevado.
- B) Unha PCO₂ elevada.
- C) Un bicarbonato diminuído.
- D) As respostas a y c son correctas.

74. A fase da infección aguda por VIH inicia no momento da infección, o virus propágase polo corpo da persoa infectada a través dos seus fluídos corporais, nun prazo de días, o VIH infecta non só as células expostas inicialmente senón tamén aos gánglios linfáticos. O tecido linfoide constitúe un dos principais espazos do corpo humano onde ten lugar a reprodución inicial do VIH pola súa alta porcentaxe de linfocitos T ...

- A) CD4
- B) CD8
- C) CD9
- D) CD40

75. Que mostra solicitaríamos preferiblemente para a electroforese de proteínas séricas?

- A) Soro
- B) Plasma
- C) LCR
- D) Ouriño

76. Chéganos petición de transfusión de 900 cc de plasma para un paciente varón de 59 anos, cun Anti-JKa identificado, grupo A POS e Coombs indirecto positivo concordante co anticorpo xa coñecido.

- A) Levaremos a cabo probas cruzadas con unidades que respeten fenotipo JKa negativo e de ser negativas procederemos á transfusión
- B) Elixiremos unidades O NEG, JKa negativo para minimizar as probabilidades de reacción transfusional
- C) Elixiremos unidades AB POS
- D) Escolleremos sempre que sexa posible unidades isogrupo

77. Ante a ausencia de enfermidade hepática. En que casos podemos atopar cunha fosfatasa alcalina elevada?

- A) En enfermidades óseas.
- B) Durante o crecemento.
- C) Durante o terceiro trimestre do embarazo.
- D) En todos os casos anteriores.

78. Os métodos químicos para a determinación do colesterol baséanse en:

- A) Reaccións enzimáticas.
- B) Reaccións cromoxénicas.
- C) Reaccións isoeléctricas.
- D) Ningunha das anteriores.

79. Tras un resultado de anticorpos antinucleares (ANA) positivo, cun título superior a 1/160, en paciente muller de 82 anos, que valoración sería a máis correcta?

- A) Son indicativos inequívocos de LES
- B) Dada a avanzada idade da paciente deberíamos repetir a proba, xa que é moi infrecuente que presente títulos detectables
- C) Deberíamos consideralo significativo, a pesar de ser muller de idade avanzada
- D) Descarta en calquera caso tanto enfermidades autoinmunes sistémicas como limitadas a órganos específicos

80. En cal das seguintes patoloxías podemos atopar cunha albúmina diminuída?

- A) Enfermidade hepática.
- B) Enfermidade inflamatoria.
- C) Nun síndrome nefrótico.
- D) En todas as anteriores.

81. <address>Ingresa un neno por urxencias con febre, adenopatías e dor de cabeza. Pídese ao laboratorio un frotis no que se observan linfocitos atípicos, acompañado de leucocitosis. O estudo serolóxico é positivo para o VEB (virus de Epstein-Barr). De cal das seguintes enfermidades podería tratarse?</address>

- A) Leucemia mieloide crónica.
- B) Anemia hemolítica post-transfusional.
- C) Mononucleose infecciosa.
- D) Leucemia linfocítica crónica.

82. Ante un paciente co grupo sanguíneo Lewis negativo, e con sospeita dun cancro de páncreas, que marcadores tumorais solicitaríamos?

- A) CEA y CA 19.9
- B) CEA y CA 50
- C) CEA y CA 125
- D) CEA y PSA

83. Cal das seguintes tinguiduras non é unha tinguidura diferencial:

- A) Tinguidura de Gram.
- B) Tinguidura de Kinyoun.
- C) Tinguidura de Giemsa.
- D) Tinguidura de Hematoxilina férrica e tricrómica.

84. O principal órgano excretor de fármacos e os seus metabolitos é:

- A) Fígado.
- B) Intestino.
- C) Vesícula biliar.
- D) Ril.

85. ¿Como evitan os parasitos helmintos a resposta inmunitaria do organismo anfitrión?

- A) Converténdose nunha forma quística de menor actividade metabólica.
- B) Modificando as propiedades antixénicas das súas superficies externas.
- C) Secretando enzimas que destrúen as células do organismo anfitrión e neutralizan os mecanismos de defensa inmunolóxica.
- D) B) e C) son correctas.

86. Para realizar a esterilización do material nun autoclave por vapor de auga, que rango de temperaturas máis idóneo utilizaríamos para conseguir unha axeitada esterilización?

- A) 63–90°C
- B) 150–170°C
- C) 101–120°C
- D) 121–134°C

87. Se á hora de desenvolver a nosa investigación utilizamos ferramentas baseadas en técnicas estatísticas de análises de datos, screening, rexistros deseñados para o estudo, etc.

- A) Estamos realizando unha investigación cualitativa
- B) Estamos realizando unha enquisa
- C) A metodoloxía en investigación non é relevante
- D) Estamos realizando unha investigación cuantitativa

88. Os microorganismos poden desenvolver resistencia á acción antibacteriana dos aminoglucósidos a través de varios mecanismos distintos, por exemplo:

- A) Diminución da expulsión do antibiótico do interior da célula.
- B) Aumento da captación pola célula bacteriana.
- C) Modificación enzimática do antibiótico.
- D) Todas son correctas.

89. Falando de medios de cultivo, cal das seguintes características pertencen ao Agar EMB:

- A) Permite a diferenciación entre bacterias fermentadoras de Lactosa e as non fermentadoras.
- B) Os non fermentadores de lactosa producen colonias de cor negra verdoso con brillo metálico.
- C) Os colorantes de anilina favorecen o crecemento das bacterias gram negativas esixentes.
- D) Todas son certas.

90. Con respecto á *Pseudomona aeruginosa* é certo:

- A) É unha Bacteria Gram negativa, aerobia, oxidasa positiva.
- B) Secreta variedade de pigmentos como a Píocianina, Fluoresceína e Piórribina.
- C) Produce un cheiro doce característico semellante ao das uvas.
- D) Todas son correctas.

91. Ante un paciente con sospeita diagnóstica de leucemia linfática crónica, debemos ter presente que:

- A) É fundamental o análise do marcador de linfocitos B CD5
- B) É principalmente de orixe linfoide NK
- C) É fundamental o análise do marcador de linfocitos T CD5
- D) É fundamental o análise do marcador de linfocitos T e B CD5

92. Nunha petición que chega ao laboratorio, o facultativo quere que se midan os niveis dunha serie de parámetros para o correcto funcionamento do fígado. Cal dos seguintes sería o máis adecuado?

- A) AST, ALT, GGT, GPT.
- B) Marcadores virais.
- C) Reticulocitos.
- D) Vitamina B₁₂

93. Ao laboratorio mandan unha mostra de ouriños dunha muller que presenta polaquiuria, disuria. Para valorar o urocultivo como unha infección segura, cantas UFC/ml deberíamos atopar na placa inoculada coa mostra da paciente?

- A) Menos de 10.000 UFC/ml.
- B) Entre 10.000 e 100.000 UFC/ml.
- C) Máis de 100.000 UFC/ml.
- D) Non debe aparecer ningunha colonia na placa inoculada.

94. Para a determinación de gases no sangue, a mostra de elección será:

- A) Sangue venosa
- B) Sangue arterial
- C) Sangue capilar
- D) É indiferente

95. No laboratorio de hematoloxía pode producirse unha pseudotrombopenia cando se utiliza como anticoagulante para o seu recento en tubo:

- A) Citrato.
- B) Heparina.
- C) Calcio.
- D) EDTA.

96. No suposto de que unha proba determinada non se está realizando dunha maneira única cada vez que se repite no laboratorio, debemos implantar:

- A) Manual de calidade.
- B) Controis de calidade.
- C) Procedemento normalizado de traballo.
- D) Unha calibración.

97. Cal dos seguintes parámetros axudaranos máis a diferenciar unha anemia rexenerativa dunha anemia arrexenerativa?

- A) Reticulocitos.
- B) VCM.
- C) Hto.
- D) CHCM

98. Nun paciente VIH positivo, que marcadores de linfocitos T deberíamos ter en conta?

- A) CD4 e CD8
- B) CD5 e CD3
- C) CD20
- D) CD69 e CD25

99. Que medio dos seguintes utilizarías como medio diferencial e selectivo para o illamento de Salmonella e Shigella?:

- A) Agar PEA.
- B) Agar TCBS.
- C) Agar XLD.
- D) Calquera dos anteriores.

100. Que microscopio utilizaríamos para visualizar un virus?

- A) Microscopio óptico.
- B) Microscopio de contraste de fases.
- C) Microscopio de campo escuro.
- D) Microscopio electrónico.

101. Nunha analítica de lípidos para obter unha maior fiabilidade nos resultados:

- A) A mostra debe de centrifugarse tres horas despois da extracción.
- B) Os anticonceptivos poden influir na concentración plasmática das lipoproteínas.
- C) Debe aconsellarse a abstinión alcólica, polo menos 72 horas antes da extracción.
- D) As respostas B e C son correctas.

102. A escala de McFarland é:

- A) A concentración mínima bactericida.
- B) Unha técnica de cultivo a distintas concentracións.
- C) Un estándar de turbidez preparado a partir de sulfato de Bario.
- D) Un estándar de turbidez preparado a partir dunha solución de E. Coli.

103. Qué podemos dicir dun neno de 4 anos que ten un recuento de leucocitos de 10.000/mm³ e cuxa fórmula leucocitaria é: neutrófilos 30%, linfocitos 60%, monocitos 7%, eosinófilos 2% e basófilos 1%.

- A) Existe leucocitosis.
- B) Existe linfopenia.
- C) É normal.
- D) Existe neutropenia.

104. Na defensa inmune contra virus implícanse varios mecanismos, indica cal dos seguintes non se produce ao comezo da infección senón de forma máis tardía:

- A) Inmidade celular específica con multiplicación das linfocitos T citotóxicos.
- B) Producción de interferón.
- C) Inmidade humoral con aparición de anticorpos locais (IgA).
- D) Resposta inflamatoria inespecífica.

105. Temos un paciente que na súa analítica o recuento plaquetario é inferior a 125.000/mm³. Esta trombopenia podería deberse a:

- A) Descenso da produción de plaquetas.
- B) Aumento na destrución de plaquetas.
- C) Esplenomegalia.
- D) Toda as anteriores son certas.

106. Atopáronos con transaminasas elevadas en:

- A) Enfermidade hepática con lesión hepatocelular.
- B) Transtornos obstructivos de vía biliar.
- C) As respostas a e b son falsas.
- D) As respostas a e b son correctas.

107. Que medio de cultivo diferencial contén Tiosulfato e Citrato de Ferro, para observar a produción de ácido sulfúrico por parte das bacterias, e ademais contén azul de bromotimol, sales biliares e fucsina para inhibir o crecemento da flora normal?

- A) Medio Selenito.
- B) Medio Hektoen.
- C) Medio Chalgren.
- D) Medio Lowestein.

108. Paciente varón de 50 anos de idade, presenta anticorpos antimitocondriales (AMA) cun título de 1/160:

- A) Suxírennos infección crónica como mononucleose.
- B) Pódenos axudar no diagnóstico diferencial da cirrose biliar primaria.
- C) Suxírennos cirrose antiga de carácter grave.
- D) Todo dependerá de se o patrón é moteado ou periférico.

109. Na actualidade sábese que existen miles de diferentes tipos de microorganismos que viven no interior, a superficie ou ao redor do ser humano e, así mesmo, poden contarse por centenares os que son capaces de provocar nel enfermidades graves, uns deles son as bacterias, que afirmación é correcta respecto destas:

- A) Son microorganismos Eucariotas.
- B) Son microorganismos Procariotas.
- C) Posúen núcleo ben definido, aparello de Golgi e retículo endoplásmico.
- D) Non poden visualizarse mediante o microscopio óptico.

110. Ante a situación dun fallo de control interno de calidade, a medida a tomar máis oportuna sería:

- A) Repetir o control ata que se sitúe en valores aceptables
- B) Entregar todos os resultados das series previas ao control o antes posible
- C) Suspender a entrega de resultados ata averiguar e correxir a causa do erro
- D) Chamar ao servizo técnico